

MOCIÓN DE URXENCIA CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS PARA DEIXAR CONSTANCIA DO APOIO AO GRUPO MUSICAL TANXUGUEIRAS

O grupo musical galego Tanxugueiras atópase actualmente na cidade de Benidorm participando no Benidorm Fest, festival que decidirá, a través do voto do xurado profesional, o voto demoscópico e o voto popular, o representante do noso país no festival de Eurovisión.

Tanto pola calidade musical da canción Terra, como por ser o primeiro tema cantado en todas as linguas cooficiais do Estado, empregando fundamentalmente a nosa lingua galega, que ten opcións de participar nun festival internacional, levando as nosas raíces musicais por toda Europa.

Pola boa acollida deste tema entre o público nacional e internacional e a crítica especializada; pola homenaxe que rende a todas as nais, as avoas, e ás mulleres que mantiveron viva a nosa tradición oral, a nosa música e a nosa cultura; pola mensaxe de empoderamento feminino e de modernidade do noso país, Galicia, que transmite unha imaxe da pluralidade do que significa España, o Pleno da Corporación solicita a adopción do seguinte,

ACORDO:

- 1. O Pleno da Corporación manifesta o seu apoio expreso ao grupo musical Tanxugueiras con motivo da súa participación no Benidorm Fest e a súa posible participación no Festival de Eurovisión.**

En Santiago de Compostela, a 27 de xaneiro de 2022



Gumersindo Guinarte Cabada
Voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE

Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Voceiro do grupo municipal do PP

Marta Lois González
Voceira do grupo municipal de CA

Goretti Sanmartín Rei
Voceira do grupo municipal do BNG